# MAPA SENSORIAL DE PONTEVEDRA

# A cidade cos 5 sentidos

1. Capta en foto ou video instantes da cidade a calquera hora, en calquera lugar
2. Relaciónaas co olfato, a vista, o gusto, o ouvido ou o tacto
3. Envíaas a **pontevedra.gal/mapasensorial**

Participa na construción do **Mapa Sensorial de Pontevedra**, unha iniciativa de PONTEnCIENCIA para elaborar unha fotografía colectiva da cidade

## *A mostra científica dos coles de Pontevedra*

# PONTEnCIENCIA

***2 e 3 de xuño***

***Na Escola de Enxeñaría Forestal***

***Pontevedra***

***educacion.pontevedra.gal***

FECYT
CONCELLO DE PONTEVEDRA
Universidade de Vigo
VIAQUA
MBG

PONTE NA CIENCIA

Programa 2017

## Os coles ante o xurado 8 centros, 18 investigacións

Exposición das investigacións / Venres, 2 de xuño de 2017 / Andar 0 e andar 1
Recepción de participantes: 9,45 h

Entre as 10.10 e as 11.15 h
**San Benito de Lérez:** Carmelos naturais; Facer lume cun limón; Fluído non newtoniano
**Marcos da Portela:** Depuración de augas residuais con métodos físicos e biolóxicos
**Santo Andre de Xeve:** Obtención de aceite esencial de plantas aromáticas e fabricación de xabón
**San Martiño:** Soprarei e soprarei...!; Con moito tacto!; Fábricas de vitamina C; Auga, condutora ou illante?
**Ponte Sampaio:** A mentira do movemento perpétuo
**Froebel:** Cambiar a cor nas rosas; Lámpara de lava; O aire que respiramos; O detective das fotografías
**CEIP Príncipe Felipe:** A importancia da vexetación contra a erosión dos solos; Para que serve o compost?; Compostando os biorresiduos do noso comedor escolar.
**CEE Príncipe Felipe:** A coloración artificial das flores

## As familias ante o xurado 9 familias, 9 investigacións

Exposición das investigacións / Sábado, 3 de xuño de 2017 / Andar -1
Recepción de participantes: 9,30 h

**Familia Abad Castro:** Os números da escala musical
**Familia Pérez Estévez:** Cultivando bacterias
**Familia Budiño Rodríguez:** Cos pés na area
**Familia Brea Mariño:** A biodiversidade e os eucaliptos
**Familia Baquero Pazos:** Acción e reacción na túa vida
**Familia Souto Villamea:** Ondiñas veeeñen e vaaan!
**Familia Iglesias Suárez:** Eureka!
**Familia Rivas Otero:** Fenómenos eléctricos.
**Familia Pintos Castiñeiras:** Equilibrio, centro de masas

**Conferencia de Luis Sampedro**

### Antártida, continente extremo

Andar 1 - Salón de actos. Luis Sampedro é biólogo e investigador do CSIC na Misión Biolóxica de Galicia. Falará da súa experiencia como participante na XXX Campaña Antártida Española durante xaneiro e febreiro de 2017. Abordará o illamento do continente branco, a intensidade da vida (e da morte) alí, a fraxilidade dos sistemas biolóxicos antárticos e o impacto do cambio climático, as condicións de vida nas bases científicas e o seu proxecto científico. Ata completar a capacidade da sala. Sábado ás 12.30

**Entrega de Premios.** Andar 1 - Salón de Actos. Sábado ás 13,30 h

## Todo o que podes ver, preguntar, experimentar

**Exposición Mulleres Faro.** Andar 2. Exposición sobre mulleres pioneiras, investigadoras, científicas etc. Para coñecelas a elas e o seu traballo. Visita guiada á exposición (20 min.) e xogo de cartas (30 min.). Venres ás 10.05, 11, 11.55 e 12.55 h Sábado acceso libre

**Ciencia na cociña** (CIFP Carlos Oroza). Andar 1 - Laboratorio Edafoloxía. Os ovos e a súa reacción física ante cambios de temperatura nun tempo determinado. O efecto "Maillard", que é e para que serve. Venres ás 10.05, 10.55, 12.40 e 13.15 h Sábado ás 11,30 h (no andar -1)

**Axudantes de Madame Curie.** Andar 2 - Laboratorio Silvicultura Docencia. Circuítos químicos onde descubrir os segredos de Marie Curie. Venres ás 10.05, 11.55, 12.55 h. Sábado ás 10,30 e 12,15 h

**Un paseo de lenda** (CIFP Carlos Oroza). Xardín da entrada. Que os nenos/as deixen voar a imaxinación co obxectivo de vivir unha experiencia sensorial descubrindo os encantos da illa de Sálvora, a través dun curioso e divertido paseo guiado e intuitivo. Venres ás 10.45, 11.30 e 13.15 h Sábado acceso libre

**Coñeces o bosque dos sentidos?** (CIFP Carlos Oroza) Xardín entrada edificio. Amosar ao público un modelo de visita guiada e experiencia sensorial interactiva simulando un percorrido polos atractivos da illa de Cortegada limitando a súa capacidade visual. Venres 10.40, 11.30 e 12.20 h. Sábado acceso libre de 10 a 13 h

**Ciencia musical.** Andar 2. Obradoiro de experimentación creativa con música electrónica. Venres ás 10.05, 11.55 e 12.55 Sábado ás 10 e 12 h

**Rumbo ás illas** (Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas) Andar 1 - Aula 2. Coa axuda dun vídeo, dunha proxección e un xogo preséntase a vida que habita no Parque Nacional Illas Atlánticas e as súas curiosidades. Venres ás 11 e 11.55 h

**Un bosque no peto** (Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas CSIC) Andar 1- Laboratorio de Física Docencia. As árbores son esenciais para a vida. Neste obradoiro apréndese a propagalas in vitro dun xeito divertido. Venres ás 10.05, 11 e 11.55

**Pensamento sustentable: electricidade e impresión 3D.** Andar 2 - Aula 7. Empregamos a pataca como fonte de enerxía e como materia prima para fabricar obxectos a través da tecnoloxía das impresoras 3D. Venres ás 10.05, 11 e 12.55 h

**Acuoloxía** (Viaqua). Andar -1 - Laboratorio de Hidráulica. A física e a química da auga acompáñannos neste interesante obradoiro. Venres ás 10.05, 10.45, 11.55, 12.40 e 13.15 h

**Náufrago** Andar -1 - Salón de actos. Obra teatral de divulgación científica. Uns científicos acaban de chegar ao seu laboratorio, despois de conseguir saír dunha illa deserta. Venres ás 10.05 e 12.55

**Xeometría da natureza. Un mundo de formas.** Andar 2 - Aula 8. Descubrimento da xeometría como ciencia presente a todas as escalas do universo. Obradoiro teórico-práctico con contidos plásticos conectados coas áreas do currículo. Metodoloxía activa e participativa. Venres 10.05 e 12.55 h

**Escoitando as investigacións dos coles** Andar 0 - Andar 1. Relatorios das investigacións realizadas polos centros educativos. Venres desde as 11.20 h

**Escoitando as investigacións das familias** Andar -1. Visita ás investigacións realizadas polas familias. Sábado Visita libre

**Ciencia visión.** Andar 2 - Aula 6. Divertidas curtas sobre a investigación e o coñecemento. Sábado Acceso libre

**Merenda para os coles** Zona aparcadoiro reservada. Venres ás 10.55, 11.40, 11.55 e 12.20 h

**Pincho final de feira.** No exterior. Sábado ás 14 h

PONTE NA CIENCIA